

A PASTORIZA**Edicto**

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión de data 2 de xullo de 2005, o Regulamento do Rexistro Municipal de Unións de Feito, transcorrido o prazo de exposición ó público (BOP nº 164 de 19 de xullo de 2005) sen que durante o mesmo se presentase reclamación ningunha, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, elévase a definitivo o acordo inicialmente adoptado.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da citada Lei 7/85, de 2 de abril, procédese a publicación do texto íntegro do Regulamento sinalado, o cal non entrará en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do texto legal anterior.

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN DE FEITO DO CONCELLO DE PASTORIZA.**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Na sociedade actual, moitas persoas constitúen unidades de relación afectiva de carácter estable sen chegar a formalizalas nun contrato matrimonial, unións que dan lugar a verdadeiros núcleos familiares non suxeitos actualmente a ningunha regulación xurídica máis alá da interpretación que os xuíces e tribunais formulen naqueles casos nos que o desamparo do dereito produce a xudicialización dos conflictos. Xurdíu así nos últimos anos unha inquedanza social respecto a que as parellas de feito vexan garantido o seu dereito á non discriminación social en base ó que establece o artigo 14 da Constitución.

De acordo co disposto nos artigos 1.1º, 9.2º, 10.1º e 14 da Constitución, o libre desenvolvemento da personalidade e a igualdade ante a Lei que, constitúen principios fundamentais do noso ordenamento xurídico e social, e demandan de todos os poderes públicos a promoción das condicións para que esta liberdade e igualdade dos cidadáns e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo eliminarse os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O Parlamento Europeo en distintas resolucións reitera a súa convicción de que todos os cidadáns teñen dereito a un trato idéntico con independencia da súa orientación sexual, e impele os estados membros a tomar as medidas necesarias para evitar tratos discriminatorios en ámbitos xurídicos e administrativos por razón da orientación sexual.

A esixencia constitucional de igualdade e liberdade está dirixida a todos os poderes públicos e por isto, mentres non se promulguen disposicións legais pertinentes, e sen prexuízo da aplicación analóxica ou dunha interpretación xudicial adecuada á realidade social dos nosos tempos, parece procedente ofrecer, incluso no ámbito reducido da administración municipal, un instrumento xurídico que favoreza a igualdade e garanta a protección social, económica e xurídica das familias constituídas mediante unións non matrimoniais, con independencia da súa orientación sexual.

Por todo isto, coa finalidade de que poida quedar constancia no ámbito da administración municipal, tanto a efectos de inscrición no padrón municipal de habitantes como do resto de asuntos e servizos de competencia deste Concello, sen prexuízo de outras finalidades que poidan considerarse lexitimas e sen que en ningún caso isto poida representar alteración ou intromisión nas competencias que poidan corresponder a outros organismos, apróbase o regulamento seguinte.

Artigo 1.- Obxecto e réxime xurídico.

Créase no Concello de Pastoriza un Rexistro Municipal de Unións de Feito que terá carácter administrativo e que se rexerá polo disposto no presente regulamento, incluídos os seus anexos e demais disposición que se poidan dictar para o seu desenvolvemento.

Artigo 2.- Ámbito.

No Rexistro Municipal de Unións de Feito, poderán inscribirse todos aquelas parellas que polo seu libre e pleno consentimento constitúan unha unión de convivencia non matrimonial, pero con análoga relación de efectividida, con independencia da súa orientación sexual, e que manifesten a súa vontade de inscribila no rexistro, e os membros da mesma teñan a súa residencia habitual e figuren empadroados no Concello de Pastoriza. Se ben, no momento da inscrición é suficiente con que un dos membros da parella figure empadroado no Concello de Pastoriza, quedando obrigados ámbolos dous membros, unha vez inscritos no Rexistro de Unións de Feito, a estar dados de alta no Padrón Municipal de Habitantes.

Artigo 3.- Requisitos para a inscrición.**3.1. Establécense como requisitos mínimos para a inscrición.**

a) Ser maior de idade ou menor emancipado, acreditándose coa fotocopia compulsada do DNI ou documentos acreditativo da emancipación, de conformidade co artigo 314 e seguintes do Código Civil.

b) Non ter sido declarados incapacitado ou estar incursos nas prohibicións recollidas nos artigos 46 e 47 do Código Civil, achegando declaración responsable para acreditar este requisito.

c) Non estar ligado por vínculo matrimonial ou inscrito como membro doutra unión non matrimonial non cancelada. Acreditarase mediante certificado do estado civil das persoas interesadas acompañado de declaración responsable de cada un dos membros da parella.

d) Ter a súa residencia habitual e figurar empadroados no Concello de Pastoriza, que se acreditará mediante certificado de empadroamento, que se incorporará de oficio unha vez presentada a solicitude de inscrición e comprobado este dato polo responsable do padrón municipal.

e) Non ter parentesco en liña recta por consanguinidade ou adopción. Acreditarase mediante declaración responsable.

f) Non ter parentesco en liña colateral por consanguinidade o adopción ata o segundo grado. Acreditarase mediante declaración responsable.

3.2. A inscrición realizarase previa sinatura da correspondente solicitude, por ámbolos dou membros da unión mediante comparecencia persoal e conxunta diante do funcionario encargado do Rexistro, e na que se efectuará a declaración responsable dos extremos sinalados no apartado anterior. Tanto a solicitude como as declaracions formalizaranse segundo o modelo que figura como anexo I ó presente regulamento.

3.3. Á solicitude de inscrición acompañarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no apartado 3.1.

3.4. Unicamente se poderá efectuar, a instancia dun só dos membros da unión, a inscrición de extinción da mesma por vontade unilateral, previa audiencia do outro membro e de conformidade co artigo 6.2.b) do presente regulamento.

3.5. A práctica dos asentos no Rexistro e as certificacións que se expidan dos mesmos, serán gratuitas.

Artigo 4.- Declaracions e actos inscritibles.

Serán obxecto de inscrición.

a) A declaración de constitución das unións de feito (realizada segundo o modelo do anexo I), e de extinción das mesmas cando concorra algunha das causas do artigo 6 (segundo o modelo do anexo II).

b) Os contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da parella, así como outros feitos e circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 5.- Modificacións dos asentos.

Calquera modificación posterior dos datos inscritos en canto ó convenio e feitos ou circunstancias que afecten a unión, deberase efectuar mediante comparecencia persoal e conxunta dos membros da unión.

Artigo 6.- Constitución e extinción.

6.1. Para os efectos establecidos no presente regulamento, a data de constitución será a da súa manifestación e inscrición.

6.2. Serán causas xustificadas de extinción das unións e cancelación da inscrición as seguintes.

a) Mutuo acordo dos membros da unión de feito.

b) Vontade unilateral dun dos membros da unión con notificación fechante ó outro, por calquera medio que deixe constancia da recepción por aquel ou o seu representante, así como da data de recepción, da identidade e do contido da decisión.

c) Morte ou declaración de falecemento dalgún dos membros da unión.

d) Separación de feito de máis dun ano dos membros da parellas.

e) Matrimonio dalgún dos membros da unión de feito

6.3. Tamén procederá a baixa cando, por traslado do domicilio habitual, ningún dos membros da unión de feito se encontre empadroado no Concello da Pastoriza.

6.4. Os membros da unión de feito están obrigados, a solicitar a cancelación da inscrición no Rexistro Municipal de Unións do Concello cando concorra calquera das causas que dan lugar á extinción da unión..

6.5. Nos supostos de morte ou matrimonio dun dos membros da unión de feito, ou cando, por traslado do domicilio habitual, ningún dos membros se encontre empadroado no Concello de Pastoriza, poderá efectuarse de oficio a inscrición de baixa, se o Rexistro tivera constancia fechante de calquera das citadas circunstancias, previa audiencia ós interesados.

Artigo 7.- Libro rexistro.

O Rexistro Municipal de Unións de Feito do Concello de Pastoriza materializarase nun libro rexistro municipal de unións non matrimoniais, no que se practicarán as inscricions previstas neste regulamento. O libro de rexistro estará formado por follas móbiles, numeradas e seladas, legalizado coa sinatura do Secretario municipal, que se encabezará coas correspondentes dílxencias de apertura e peche, incluíndose nos asentos os seguintes extremos.

a) Datos identificativos dos membros integrantes da unión.

b) Domicilio de convivencia.

c) Data de constitución da convivencia

d) A transcripción en extracto dos contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais das parellas de feito.

e) Calquera modificación posterior dos datos inscritos.

f) Data e causas de extinción.

g) Outros feitos ou circunstancias que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 8.- Clases de inscricions.

a) A primeira inscrición de cada parella terá o carácter de inscrición constitutiva, que ten como efecto deixar constancia da existencia da unión de feito e debe recoller os datos persoais suficientes para a correcta identificación dos seus membros, e a data da resolución na que se acorde a inscrición.

b) A marxe da inscrición de constitución anotaranse o número das páxinas do libro rexistro nas que existan anotacións que lle afecten. Poderán ser obxecto de inscrición marxinal tanto os pactos dos membros da unión reguladores das súas relacións persoais e patrimoniais durante a súa convivencia e sobre a liquidación das mesmas, como aquelas modificacións que, sen disolverse a unión, afecten ós datos da inscrición constitutiva.

c) A inscrición de baixa, aquela que ten por obxecto declarar a extinción da unión de feito.

Artigo 9.- Efectos.

A inscrición no Rexistro Municipal de Unións de Feito terá efectos meramente declarativos sobre a constitución, modificación e extinción das mesmas, así como respecto ós contratos reguladores das relacións persoais e patrimoniais.

Artigo 10.- Publicidade.

O Rexistro Municipal de Unións de Feito do Concello de Pastoriza estará ó cargo da Secretaría do concello, e co fin de garantir a intimidade persoal e familiar dos inscritos no rexistro non ten carácter público, agás as certificacións que expida o secretario municipal a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión de feito ou das Administracións Públicas, cando tales certificacións foran necesarias para o recoñecemento de dereitos ós membros da unión, ou dos xuíces ou tribunais de xustiza.

Artigo 11.- Órgano competente.

O Alcalde-Presidente da Corporación será o órgano competente para resolver sobre calquera tipo de inscripción que se pretenda efectuar no rexistro, así como para a regulación de acceso, rectificación e cancelación dos datos cando proceda.

As resolucións que de dicten relativas á inscripción, modificación ou extinción, así como as de inscripcións de actos complementarios, adoptaranse no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal sen que se dictase, entenderase desestimada por silencio administrativo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No eido de competencias deste Concello, tódalas unións non matrimoniais de convivencia inscritas no Rexistro Municipal de Unións de Feito, terán a mesma consideración administrativa que as unións matrimoniais, sen obstáculo doutras formas de proba.

Así mesmo, e ós efectos administrativos, e dentro do eido de competencias deste Concello, recoñecerase a antigüidade das unións inscritas noutros rexistros municipais, circunstancia que deberán acreditar.

DISPOSICIÓN FINAL

Unha vez aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE UNIÓN DE FEITO DO CONCELLO DA PASTORIZA

Don/Dona ..., con DNI nº ..., e Don/Dona ..., con DNI nº..., maiores de idade, empadroados no Concello de Pastoriza...., con domicilio común en...

EXPOÑEN:

Que conviven constituindo unha UNIÓN DE FEITO dende (data)... e que ambos reúnen os requisitos esixidos no artigo 3º do Regulamento do Rexistro de Unións de Feito do Concello de Pastoriza, acreditados coa documentación seguinte

- Fotocopia compulsada do DNI.

- Certificado do estado civil das persoas interesadas.

Así mesmo, DECLARAN

- a) Ser coñecedores do articulado do regulamento e comprométense a respectar as súas prescricións.
- b) Non estar declarado incapacitado, nin incurso nas prohibicións recollidas nos artigos 46 e 47 do Código Civil.
- c) Non estar ligado por vínculo matrimonial.
- d) Non figurar inscrito noutro Rexistro Municipal de Unións de Feito, como membro doutra unión non cancelada.
- e) Ter a súa residencia habitual e figurar empadroado no Concello da Pastoriza.
- f) Non ter parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta, nin en liña colateral por consanguinidade o adopción ata o segundo grado.

Por todo o exposto.

SOLICITAN, libre e voluntariamente,

PRIMEIRO.- A inscripción no Rexistro Municipal de Unións de Feito do Concello da Pastoriza.

SEGUNDO.- A constancia no rexistro dos convenios, feitos e circunstancias que se especifican en folla que se achega a esta solicitude

A Pastoriza, ... de ... de... 200-

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PASTORIZA.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE DE BAIXA NA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN DE FEITO DO CONCELLO DE PASTORIZA.

(Esta solicitude poderá estar subscrita por un ou polos dous membros da parella)

Don/Dona ..., con DNI nº ..., e Don/Dona ..., con DNI nº ..., maiores de idade, empadroados no Concello de Pastoriza ..., con domicilio común en...

EXPOÑEN:

Que están inscritos no Rexistro de Unións de Feito do Concello da Pastoriza e,

SOLICITAN, que despois dos trámites regulamentarios se proceda á inscripción de baixa da unión do feito no dito rexistro.

A Pastoriza,... de... de... 200-

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA PASTORIZA

Contra o presente Regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

A Pastoriza, 26 de setembro de 2005.- O Alcalde, acctal., Arcadio López González.

R. 04769